

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	1º ESO	DEPARTAMENTO:	MATEMÁTICAS
MATERIA:	MATEMÁTICAS	PROFESOR/A:	Noelia Pérez Yáñez

1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	U1: Números naturais U2: Divisibilidade U3: Números enteiros U4: Fraccións
2º TRIMESTRE	U5: Números decimais U6: Proporcionalidade U7: Sistema métrico decimal U8: Álgebra
3º TRIMESTRE	U9: Figuras planas U10: Perímetros e áreas U11: Funcións U12: Estatística

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Contidos e procedementos:

O desenvolvemento dos contidos e procedementos realizarase de forma gradual, partindo dos coñecementos previos do alumnado, co apoio de apuntamentos explicados polo profesor, o libro de texto de Matemáticas para 1ºESO da editorial ANAYA e co apoio de contidos e actividades presentes na documentación dixital das editoriais Netex, EDEBE e Planeta; xa que o IES Cabo Ortegal participa no programa Edixgal, e outros recursos educativos que a profesora considere adecuados.

Así mesmo, sempre e cando os contidos e os procedementos o permitan, relacionaranse cos das unidades didácticas anteriores co obxectivo de repasar e afianzar todo o traballo e esforzo realizado anteriormente.

Na medida en que as circunstancias o permitan, intentarase relacionar algúns contidos matemáticos con contextos da vida real e doutras áreas de coñecemento.

Actividades:

Xunto cos apuntamentos que se lle explican ao alumnado, presentaráselle exercicios e actividades relacionadas cos contidos e procedementos da unidade didáctica que se estea a traballar, que servirán para repasar os contidos vistos, así como para por en práctica os procedementos explicados.

Ademais das actividades presentes nas editoriais mencionadas anteriormente (Netex, EDEBE, Planeta), poderanse empregar as plataformas Thatquiz.org, Kahoot, Descartes, ou outras plataformas dixitais de carácter educativo para a realización de actividades por parte do alumnado mediante o emprego de medios tecnolóxicos.

Unha parte importante das actividades resolveraaos o profesor con todo o detalle na aula, outra parte importante das actividades resolveranse na aula por parte do alumnado e contando coa axuda do profesor para aclarar posibles dúbidas que poidan xurdir.

Finalmente, as actividades que non se consigán rematar na clase, o alumnado resolveraa na casa e poderá presentarlle ao profesor as posibles dúbidas que lle xurdisen na realización das mesmas.

Se é necesario empregar bastante tempo para resolver algunha dúbida que presente un alumno ou alumna de modo que poida interromper o avance normal da materia dentro da aula; co fin de non prexudicar ao resto do alumnado neste senso, o profesor responsable resolverá ditas dúbidas nos recreos (empregando o número de recreos que precise e requira o alumno ou alumna en cuestión; e sempre, en función da dispoñibilidade do profesor)

Actitudes:

En todo momento, fomentarase a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Así mesmo, valorarase o esforzo, o respecto aos compañeiros e profesor, a colaboración,...

Adaptacións derivadas do ensino non presencial:

Parte dos contidos, procedementos e actividades relativos ás Unidades Didácticas que se desenvolvan neste período presentaranse na plataforma Edixgal.

Ademais, se a profesora o considera adecuado, impartirá clases telemáticas empregando aplicacións informáticas de videoconferencia, como Cisco Webex (ou similares); sendo o horario das clases online o mesmo que o establecido para as clases presenciais.

Finalmente, no caso de realización de probas non presenciais, poderanse realizar estas a través de videoconferencias, na que o alumnado deberá ter a cámara conectada no tempo que dure o exame para que a profesora poida facer un control visual sobre os procedementos de resolución dos exercicios e problemas propostos, e deste modo garantir o principio de obxectividade na valoración das aprendizaxes adquiridas por parte do mesmo.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (*Criterios de cualificación e procedementos de avaliación*)

VALORACIÓN DA AVALIACIÓN.

- **Valoración das probas e traballos con entidade de proba.**

O remate de cada unidade realizarase unha proba escrita relativa os contidos traballados na mesma.

A previsión destas probas dependerá da evolución do alumnado, podendo ser modificada se fose preciso.

Así mesmo, se a dinámica de traballo e esforzo do alumnado o permite, poderase substituír algunha das probas pola realización dun ou máis traballos asociados aos contidos da correspondente proba; neste caso indicáraselle ao alumnado que o traballo que deberán realizar terá carácter de proba e a cualificación deste ponderará igual que a proba á que substitúe.

- **Valoración do traballo diario, traballo en equipo, actitude persoal cara o traballo e a materia, así como cara os compañeiros e compañeiras, o profesor e o Centro Educativo. Unidade Didáctica 13.**

Para obter a cualificación de este apartado, ao longo do trimestre o profesor preparará pequenas actividades relacionadas cos contidos e procedementos que se estean a traballar nese momento, para así, deste modo, incidir no traballo diario dos pequenos aspectos que xogan un papel moi importante na resolución de exercicios posteriores.

Ademais da valoración do traballo diario, teranse en conta as diferentes actitudes que presente o alumnado de cara a materia atendendo aos seguintes principios.

Valoración positiva:

Valorarase positivamente en algúns casos (en función da importancia) as aportacións de ideas para a resolución de problemas, colaboración con outros compañeiros e outras compañeiras, esforzo e perseveranza na resolución dalgún problema ou actividade proposta na clase...

Valoración negativa:

Pola contra, valorarase negativamente actitudes contrarias ás normas de funcionamento do Centro, faltas de respecto aos compañeiros e compañeiras, profesores e mobiliario do Centro. Non realización de pequenas actividades ou exercicios propostos e de carácter obrigatorio. Faltas de puntualidade. Interrupcións do funcionamento diario da clase (falar, xogar,...). Emprego do móbil sen a autorización previa por parte do profesor. Outros comportamentos que repercutan negativamente no funcionamento da aula...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. AVALIACIÓN

Cualificación probas e/ou traballos.

- O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas (e/ou traballos) realizadas ao longo da avaliación, ponderada ao 80%. As probas (e/ou traballos) valoraranse nunha escala de 0-10 puntos.

Cualificación da Unidade Didáctica 13.

- O 20% restante da nota de avaliación obterase das táboas de indicadores nas que se tomarán como referencia os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13; que estarán asociados a rúbricas, anotacións de traballo e listas de cotexo baseados nos criterios expostos anteriormente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. FINAL DE CURSO.

A nota final do curso obterase da suma das dúas notas seguintes:

- Media aritmética das notas obtidas nas 10 probas (e/ou traballos), (ponderada ao 80%).
- Media da nota obtida nas 3 avaliacións na valoración da Unidade Didáctica 13, (ponderada ao 20%).

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

- Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.
- Cada alumna/o que teña algunha avaliación suspensa e a inicio de xuño se vexa que non está en condicións de obter unha cualificación media de curso superior a 5 puntos ao remate da terceira avaliación, faráselle un seguimento diferenciado, apórtaráselle fichas de exercicios de repaso dos contidos e procedementos matemáticos traballados ao longo do curso, e previa a avaliación final ordinaria realizaráselle unha proba (na que as preguntas estarán baseadas nos exercicios e problemas de ditas fichas).

CONDICIÓN PARA APROBAR A MATERIA

Considerarase que un alumno ou alumna ten a materia aprobada cando a cualificación final de curso sexa igual ou maior a 5 puntos.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

Por tratarse do 1º curso Educación Secundaria Obrigatoria, non hai alumnado que teña a materia de Matemáticas pendente

5. LIBROS

Empregaranse apuntamentos, exercicios e/ou traballos aportados polo profesor, así como materiais didácticos procedentes das editoriais (Netex, EDEBE, Planeta) que se inclúen na plataforma de EDIXGAL.

Libro de Matemáticas de 1ºESO. Editorial ANAYA.

6. RECOMENDACIÓN SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recomendacións principais:

- Atender ás explicacións de clase e recoller de forma ordenada tódolos apuntamentos presentados polo profesor.
- Esforzarse na realización de tódolos exercicios e actividades propostos en clase.
- Realizar tódolos exercicios presentados nas fichas.
- Traballar e repasar en casa os contidos matemáticos vistos en clase no mesmo día ou ao día seguinte.
- Preguntar ao profesor todas aquelas dúbidas que xurdan na resolución de problemas

RESUMO PROGRAMACIÓN 2ºESO MATEMÁTICAS

CURSO:	2º E.S.O	DEPARTAMENTO:	MATEMÁTICAS
MATERIA:	MATEMÁTICAS	PROFESOR/A:	GLORIA MARÍA MARTÍNEZ GÓMEZ

1. QUE TEMAS IMOS VER? <i>(Distribución aproximada dos contidos)</i>	
1º TRIMESTRE	U1. Números Enteiros. U2. Fraccións e decimais.. U3. Potencias e raíces. U4. Álgebra.
2º TRIMESTRE	U5. Ecuacións e sistemas. U6. Funcións.Táboas e gráficas. U7. Semellanza. U8. Magnitudes proporcionais.Porcentaxes
3º TRIMESTRE	U9. Sistemas de medida. U10. Lonxitudes e áreas. U11. Corpos xeométricos. U12. Estatística.
2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? <i>(Desenvolvemento dos contidos)</i>	
<p>Contidos e procedementos: O desenvolvemento dos contidos e procedementos realizarase de forma gradual, partindo dos coñecementos previos do alumnado, co apoio de apuntamentos explicados polo profesor, e co apoio de contidos e actividades presentes na documentación dixital das editoriais Netex, EDEBE e Planeta; xa que o IES Cabo Ortegal participa no programa Edixgal e o alumnado xa traballou o ano anterior con estas editoriais. Así mesmo, sempre e cando os contidos e os procedementos o permitan, relacionaranse cos das unidades didácticas anteriores co obxectivo de repasar e afianzar todo o traballo e esforzo realizado anteriormente. Na medida en que as circunstancias o permitan, intentarase relacionar algúns contidos matemáticos con contextos da vida real e doutras áreas de coñecemento.</p> <p>Actividades: Xunto cos apuntamentos que se lle explican ao alumnado, presentaráselle exercicios e actividades relacionadas cos contidos e procedementos da unidade didáctica que se estea a traballar, que servirán para repasar os contidos vistos, así como para por en práctica os procedementos explicados. Ademais das actividades presentes nas editoriais mencionadas anteriormente (Netex, EDEBE, Planeta), empregaranse as plataformas Thatquiz.org, Kahoot, Descartes e/ou outras plataformas educativas para a realización de actividades por parte do alumnado mediante o emprego de medios tecnolóxicos (vista a boa aceptación por parte do alumnado en cursos anteriores). Unha parte importante das actividades resolveraa o profesor con todo o detalle na aula, outra parte importante das actividades resolveranse na aula por parte do alumnado e contando coa axuda do profesor para aclarar posibles dúbidas que poidan xurdir. Finalmente, as actividades que non se consigan rematar na clase, o alumnado resolveraa na casa e poderá presentarlle ao profesor as posibles dúbidas que lle xurdisen na realización das mesmas. Se é necesario empregar bastante tempo para resolver algunha dúbida que presente un alumno ou alumna de modo que poida interromper o avance normal da materia dentro da aula; co fin de non prexudicar ao resto do alumnado neste senso, o profesor responsable resolverá ditas dúbidas nos recreos (empregando o número de recreos que precise e requira o alumno ou alumna en cuestión; e sempre, en función da dispoñibilidade do profesor)</p> <p>Actitudes: En todo momento, fomentarase a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo, valorarase o esforzo, o respecto aos compañeiros e profesor, a colaboración,...</p> <p>Adaptacións derivadas do ensino non presencial: Parte dos contidos, procedementos e actividades relativos ás Unidades Didácticas que se desenvolvan neste período presentaranse na plataforma Edixgal. Ademais, se a profesora o considera adecuado, impartirá clases telemáticas empregando aplicacións informáticas de videoconferencia, como Cisco Webex (ou similares); sendo o horario das clases online o mesmo que o establecido para as clases presenciais. Finalmente, no caso de realización de probas non presenciais, poderanse realizar estas a través de videoconferencias, na que o alumnado deberá ter a cámara conectada no tempo que dure o exame para que a profesora poida facer un control visual sobre os procedementos de resolución dos exercicios e problemas propostos, e deste modo garantir o principio de obxectividade na valoración das aprendizaxes adquiridas por parte do mesmo.</p>	

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)

CUALIFICACIÓN DE TRIMESTRE.

▪ Valoración das probas e traballos con entidade de proba.

- A valoración deste apartado representará o 80% da nota final de trimestre.
- A nota final das probas/traballos de cada trimestre corresponderá coa media aritmética redondeada de todas elas.
- Se nun trimestre un alumno ou alumna repite algunha proba, considerarase a cualificación máis alta das dúas probas.

▪ Valoración do traballo diario, actitude persoal cara o traballo e a materia, así como cara os compañeiros e compañeiras, o profesor e o Centro Educativo.

- A valoración deste apartado representará o 20% da nota final de trimestre.
 - Para obter a cualificación de este apartado, ao longo do trimestre o profesor preparará pequenas actividades relacionadas cos contidos e procedementos que se estean a traballar nese momento, para así, deste modo, incidir no traballo diario dos pequenos aspectos que xogan un papel moi importante na resolución de exercicios posteriores.
- Ademais da valoración do traballo diario, teranse en conta as diferentes actitudes que presente o alumnado de cara a materia atendendo aos seguintes principios.

Valoración positiva:

Valorarase positivamente en algúns casos (en función da importancia) as aportacións de ideas para a resolución de problemas, colaboración con outros compañeiros e outras compañeiras, esforzo e perseveranza na resolución dalgún problema ou actividade proposta na clase...

Valoración negativa:

Pola contra, valorarase negativamente actitudes contrarias ás normas de funcionamento do Centro, faltas de respecto aos compañeiros e compañeiras, profesores e mobiliario do Centro. Non realización de pequenas actividades ou exercicios propostos e de carácter obrigatorio. Faltas de puntualidade. Interrupcións do funcionamento diario da clase (falar, xogar,...). Emprego do móbil sen a autorización previa por parte do profesor. Outros comportamentos que repercutan negativamente no funcionamento da aula...

▪ Cálculo da cualificación final de trimestre:

Será a suma resultante dos 2 seguintes apartados:

- 80% da nota final de trimestre das probas.
- 20% da nota do traballo diario e actitudes.

▪ Recuperación dun trimestre:

Se un alumno ou alumna ten o primeiro ou o segundo trimestre suspenso, poderá recuperar este ou estes, mediante a realización dunha proba que se desenvolverá no segundo e terceiro trimestre respectivamente.

CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO

A cualificación final do curso será a media redondeada das cualificacións acadadas en cada avaliación.

No caso de que a cualificación anterior sexa inferior a 5, o alumnado deberá realizar o exame de recuperación final da materia.

CONDICIÓNS PARA APROBAR A MATERIA

Considerarase que un alumno ou alumna ten a materia aprobada cando a cualificación final de curso sexa igual ou maior a 5 puntos.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

O alumnado realizará actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperar a materia pendente de Matemáticas de 1ºESO ao longo do desenvolvemento do curso académico 2023-2024.

Este alumnado terá as seguintes posibilidades para recuperar a materia:

- Mediante a realización de boletíns de exercicios dos distintos contidos pendentes de recuperar. Ditos boletíns iránselle dando con fecha de entrega fixada e por trimestres. Estes boletíns teñen un peso dun 60% sobre a nota final.
- O 40% da nota restante corresponde á realización dun exame dos contidos mínimos a recuperar en cada trimestre. Dito exame non terá que realizarse de ter aprobado a avaliación da materia de Matemáticas de 2º ESO que está a cursar no presente curso académico.
- Considérase que o alumno ou alumna recupera a materia pendente se a cualificación final de todas as medidas citadas anteriormente sexa igual ou maior a 5 puntos.

5. LIBROS

Empregaranse apuntamentos, exercicios e/ou traballos aportados polo profesor, así como materiais didácticos procedentes das editoriais (Netex, EDEBE, Planeta) que inclúe a plataforma de Edixgal.

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recomendacións principais:

- Atender ás explicacións de clase e recoller de forma ordenada tódolos apuntamentos presentados polo profesor.
- Esforzarse na realización de tódolos exercicios e actividades propostos en clase.
- Realizar tódolos exercicios presentados nas fichas.
- Traballar e repasar en casa os contidos matemáticos vistos en clase no mesmo día ou ao día seguinte.
- Preguntar ao profesor todas aquelas dúbidas que xurdan na resolución de problemas.

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	3º ESO	DEPARTAMENTO:	MATEMÁTICAS
MATERIA:	MATEMÁTICAS	PROFESOR/A:	Noelia Pérez Yáñez

1. QUE TEMAS IMOS VER? (*Distribución aproximada dos contidos*)

1º TRIMESTRE	U1: Números racionais U2: Potencias e raíces U3: Progresións U4: Proporcionalidade
2º TRIMESTRE	U5: Polinomios U6: Ecuacións U7: Sistemas de ecuacións U8: Lugares Xeométricos. Áreas e perímetros
3º TRIMESTRE	U9: Movements e semellanza U10: Corpos xeométricos U11: Funcións U12: Estatística e probabilidade

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

Contidos e procedementos:

O desenvolvemento dos contidos e procedementos realizarase de forma gradual, partindo dos coñecementos previos do alumnado, co apoio de apuntamentos explicados polo profesor, o libro de texto de Matemáticas para 3ºESO da editorial ANAYA e co apoio de contidos e actividades presentes na documentación dixital das editoriais Netex, EDEBE e Planeta; xa que o IES Cabo Ortegal participa no programa Edixgal, e outros recursos educativos que a profesora considere adecuados.

Así mesmo, sempre e cando os contidos e os procedementos o permitan, relacionaranse cos das unidades didácticas anteriores co obxectivo de repasar e afianzar todo o traballo e esforzo realizado anteriormente.

Na medida en que as circunstancias o permitan, intentarase relacionar algúns contidos matemáticos con contextos da vida real e doutras áreas de coñecemento.

Actividades:

Xunto cos apuntamentos que se lle explican ao alumnado, presentaráselle exercicios e actividades relacionadas cos contidos e procedementos da unidade didáctica que se estea a traballar, que servirán para repasar os contidos vistos, así como para por en práctica os procedementos explicados.

Ademais das actividades presentes nas editoriais mencionadas anteriormente (Netex, EDEBE, Planeta), poderanse empregar as plataformas Thatquiz.org, Kahoot, Descartes, ou outras plataformas dixitais de carácter educativo para a realización de actividades por parte do alumnado mediante o emprego de medios tecnolóxicos.

Unha parte importante das actividades resolveraaos o profesor con todo o detalle na aula, outra parte importante das actividades resolveranse na aula por parte do alumnado e contando coa axuda do profesor para aclarar posibles dúbidas que poidan xurdir.

Finalmente, as actividades que non se consigan rematar na clase, o alumnado resolveraaos na casa e poderá presentarlle ao profesor as posibles dúbidas que lle xurdisen na realización das mesmas.

Se é necesario empregar bastante tempo para resolver algunha dúbida que presente un alumno ou alumna de modo que poida interromper o avance normal da materia dentro da aula; co fin de non prexudicar ao resto do alumnado neste senso, o profesor responsable resolverá ditas dúbidas nos recreos (empregando o número de recreos que precise e requira o alumno ou alumna en cuestión; e sempre, en función da dispoñibilidade do profesor)

Actitudes:

En todo momento, fomentárase a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe.

Así mesmo, valorárase o esforzo, o respecto aos compañeiros e profesor, a colaboración,...

Adaptacións derivadas do ensino non presencial:

Parte dos contidos, procedementos e actividades relativos ás Unidades Didácticas que se desenvolvan neste período presentaranse na plataforma Edixgal. Ademais, se a profesora o considera adecuado, impartirá clases telemáticas empregando aplicacións informáticas de videoconferencia, como Cisco Webex (ou similares); sendo o horario das clases online o mesmo que o establecido para as clases presenciais.

Finalmente, no caso de realización de probas non presenciais, poderanse realizar estas a través de videoconferencias, na que o alumnado deberá ter a cámara conectada no tempo que dure o exame para que a profesora poida facer un control visual sobre os procedementos de resolución dos exercicios e problemas propostos, e deste modo garantir o principio de obxectividade na valoración das aprendizaxes adquiridas por parte do mesmo.

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)? (Criterios de cualificación e procedementos de avaliación)

VALORACIÓN DA AVALIACIÓN.

- **Valoración das probas e traballos con entidade de proba.**

O remate de cada unidade realízase unha proba escrita relativa aos contidos traballados na mesma. A previsión destas probas dependerá da evolución do alumnado, podendo ser modificada se fose preciso. Así mesmo, se a dinámica de traballo e esforzo do alumnado o permite, poderase substituír algunha das probas pola realización dun ou máis traballos asociados aos contidos da correspondente proba; neste caso indicáraselle ao alumnado que o traballo que deberán realizar terá carácter de proba e a cualificación deste ponderará igual que a proba á que substitúe.

- **Valoración do traballo diario, traballo en equipo, actitude persoal cara o traballo e a materia, así como cara os compañeiros e compañeiras, o profesor e o Centro Educativo. Unidade Didáctica 13.** Para obter a cualificación de este apartado, ao longo do trimestre o profesor preparará pequenas actividades relacionadas cos contidos e procedementos que se estean a traballar nese momento, para así, deste modo, incidir no traballo diario dos pequenos aspectos que xogan un papel moi importante na resolución de exercicios posteriores. Ademais da valoración do traballo diario, teranse en conta as diferentes actitudes que presente o alumnado de cara a materia atendendo aos seguintes principios.

Valoración positiva:

Valorárase positivamente en algúns casos (en función da importancia) as aportacións de ideas para a resolución de problemas, colaboración con outros compañeiros e outras compañeiras, esforzo e perseveranza na resolución dalgún problema ou actividade proposta na clase...

Valoración negativa:

Pola contra, valoráranse negativamente actitudes contrarias ás normas de funcionamento do Centro, faltas de respecto aos compañeiros e compañeiras, profesores e mobiliario do Centro. Non realización de pequenas actividades ou exercicios propostos e de carácter obrigatorio. Faltas de puntualidade. Interrupcións do funcionamento diario da clase (falar, xogar,...). Emprego do móbil sen a autorización previa por parte do profesor. Outros comportamentos que repercutan negativamente no funcionamento da aula...

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. AVALIACIÓN

Cualificación probas e/ou traballos.

- O 80% da nota da avaliación estará conformado pola media aritmética das probas escritas (e/ou traballos) realizadas ao longo da avaliación, ponderada ao 80%. As probas (e/ou traballos) valoráranse nunha escala de 0-10 puntos.

Cualificación da Unidade Didáctica 13.

- O 20% restante da nota de avaliación obterase das táboas de indicadores nas que se tomarán como referencia os criterios de avaliación correspondentes á unidade 13; que estarán asociados a rúbricas, anotacións de traballo e listas de cotexo baseados nos criterios expostos anteriormente.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. FINAL DE CURSO.

A nota final do curso obterase da suma das dúas notas seguintes:

- Media aritmética das notas obtidas nas 10 probas (e/ou traballos), (ponderada ao 80%).
- Media da nota obtida nas 3 avaliacións na valoración da Unidade Didáctica 13, (ponderada ao 20%).

CRITERIOS DE RECUPERACIÓN

- Cada alumna/o que non supere unha avaliación terá a oportunidade de recuperala ao inicio da seguinte avaliación a través dunha proba escrita baseada nos mínimos de aceptación das unidades didácticas traballadas en dita avaliación. Unha nota igual ou superior a 5 puntos significará que esa avaliación estará superada.
- Cada alumna/o que teña algunha avaliación suspensa e a inicio de xuño se vexa que non está en condicións de obter unha cualificación media de curso superior a 5 puntos ao remate da terceira avaliación, faráselle un seguimento diferenciado, apórtaráselle fichas de exercicios de repaso dos contidos e procedementos matemáticos traballados ao longo do curso, e previa a avaliación final ordinaria realizaráselle unha proba (na que as preguntas estarán baseadas nos exercicios e problemas de ditas fichas).

CONDICIÓN PARA APROBAR A MATERIA: Considerarase que un alumno ou alumna ten a materia aprobada cando a cualificación final de curso sexa igual ou maior a 5 puntos.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR?

O alumnado que non teña superada a materia do 2º curso da ESO achegaráselle actividades de reforzo que lle permitan traballar os contidos non superados. Estas actividades serán colección de exercicios que serán fraccionadas por avaliacións para poder dosificar a materia.

Establécense os seguintes criterios de cualificación:

- Fichas de exercicios de cada unidade a recuperar que terá que entregar en prazo fixado pola profesora. Ditas fichas terán un peso dun 60% da nota final e a fecha de entrega prevista pode variar.
- Un exame das unidades fixadas a recuperar en cada avaliación, con exercicios similares aos realizados nas fichas de exercicios, e que terá un peso dun 40% da nota final.
- No caso de non superar así a materia pendente, terá un exame no mes de maio que incluírá exercicios da materia correspondentes aos contidos mínimos da mesma.

Considerarase que o alumno/a recupera a materia pendente se a cualificación final de todas as medidas citadas anteriormente sexa igual ou superior a 5.

5. LIBROS

Libro de Matemáticas de 3ºESO. Editorial ANAYA. Empregaranse apuntamentos, exercicios e/ou traballos aportados polo profesor, así como materiais didácticos procedentes das editoriais (Netex, EDEBE, Planeta) que se inclúen na plataforma de EDIXGAL.

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recomendacións principais:

- Atender ás explicacións de clase e recoller de forma ordenada tódolos apuntamentos presentados polo profesor.
- Esforzarse na realización de tódolos exercicios e actividades propostos en clase.
- Realizar tódolos exercicios presentados nas fichas.
- Traballar e repasar en casa os contidos matemáticos vistos en clase no mesmo día ou ao día seguinte.
- Preguntar ao profesor todas aquelas dúbidas que xurdan na resolución de problemas

RESUMO PROGRAMACIÓN 4ºESO MATEMÁTICAS ORIENTADAS ÁS ENSINANZAS ACADÉMICAS

CURSO:	4º E.S.O	DEPARTAMENTO:	MATEMÁTICAS
MATERIA:	MATEMÁTICAS O.E. ACADÉMICAS	PROFESOR:	GLORIA MARÍA MARTÍNEZ GÓMEZ

1. QUE TEMAS IMOS VER	
1º TRIMESTRE	U1. Números Reais. U2. Ecuacións e sistemas de ecuacións. U3. Inecuacións e sistemas de inecuacións. U4. Introducción á trigonometría.
2º TRIMESTRE	U5. Aplicacións á trigonometría. U6. Xeometría analítica. U7. Funcións. Características.
3º TRIMESTRE	U8. Funcións elementais. U9. Combinatoria e probabilidade. U10. Estatística.
2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR	
<p>Contidos e procedementos: O desenvolvemento dos contidos e procedementos realizarase de forma gradual, partindo dos coñecementos previos do alumnado, co apoio de apuntamentos elaborados e explicados polo profesor. Dado que o IES Cabo Ortegal participa no programa Edixgal, contarase co apoio de documentación dixital das editoriais Netex, EDEBE e Planeta, ademais doutros contidos dixitais non vinculados a estas editoriais. Así mesmo, sempre e cando os contidos e os procedementos o permitan, relacionaranse cos das unidades didácticas anteriores co obxectivo de repasar e afianzar todo o traballo e esforzo realizado anteriormente. Na medida en que as circunstancias o permitan, intentarase relacionar algúns contidos matemáticos con contextos da vida real e doutras áreas de coñecemento.</p> <p>Actividades: Xunto cos apuntamentos que se lle explican ao alumnado, presentaráselle exercicios e actividades relacionadas cos contidos e procedementos da unidade didáctica que se estea a traballar, que servirán para repasar os contidos vistos, así como para por en práctica os procedementos explicados. Estas fichas de exercicios servirán para repasar os contidos vistos, así como para por en práctica os procedementos explicados. A maioría dos exercicios presentes nas fichas, irán acompañados das correspondentes solucións, para que, no momento en que o alumnado realice un exercicio, poida en certo grao corrixir erros ou confirmar que os exercicios realizados están ben resolto. Unha parte importante das actividades resolveráas o profesor con todo o detalle na aula, outra parte importante das actividades resolveráanse na aula por parte do alumnado e contando coa axuda do profesor para aclarar posibles dúbidas que poidan xurdir. Finalmente, as actividades que non se consigan rematar na clase, o alumnado resolveráas na casa e poderá presentarlle ao profesor as posibles dúbidas que lle xurdisen na realización das mesmas. Se é necesario empregar bastante tempo para resolver algunha dúbida que presente un alumno ou alumna de modo que poida interromper o avance normal da materia dentro da aula; co fin de non prexudicar ao resto do alumnado neste senso, o profesor responsable resolverá ditas dúbidas nos recreos (empregando o número de recreos que precise e requira o alumno ou alumna en cuestión; e sempre, en función da dispoñibilidade do profesor)</p> <p>Actitudes: En todo momento, fomentárase a participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe. Así mesmo, valorárase o esforzo, o respecto aos compañeiros e profesor, a colaboración,...</p> <p>Adaptacións derivadas do ensino non presencial: Parte dos contidos, procedementos e actividades relativos ás Unidades Didácticas que se desenvolvan neste período presentaranse na plataforma Edixgal. Ademais, se o profesor o considera adecuado, impartirá clases telemáticas empregando aplicacións informáticas de videoconferencia, como Cisco Webex (ou similares); sendo o horario das clases online o mesmo que o establecido para as clases presenciais. Finalmente, no caso de realización de probas non presenciais, poderanse realizar estas a través de videoconferencias, na que o alumnado deberá ter a cámara conectada no tempo que dure o exame para que o profesor poida facer un control visual sobre os procedementos de resolución dos exercicios e problemas propostos, e deste modo garantir o principio de obxectividade na valoración das aprendizaxes adquiridas por parte do mesmo.</p>	

3. QUE E COMO IMOS AVALIAR (NOTAS DAS AVALIACIÓNS)

CUALIFICACIÓN DE TRIMESTRE.

▪ **Valoración das probas e traballos con entidade de proba.**

- A valoración deste apartado representará o 80% da nota final de cada trimestre.
- A nota final das probas/traballos de cada trimestre corresponderá coa media aritmética redondeada de todas elas.
- Se nun trimestre un alumno ou alumna repite algunha proba, considerarase a cualificación máis alta das dúas probas.

▪ **Valoración do traballo diario, actitude persoal cara o traballo e a materia, así como cara os compañeiros e compañeiras, o profesor e o Centro Educativo.**

- A valoración deste apartado representará o 20% da nota final de trimestre.
 - Para obter a cualificación de este apartado, ao longo do trimestre o profesor preparará pequenas actividades relacionadas cos contidos e procedementos que se estean a traballar nese momento, para así, deste modo, incidir no traballo diario dos pequenos aspectos que xogan un papel moi importante na resolución de exercicios posteriores.
- Ademais da valoración do traballo diario, teranse en conta as diferentes actitudes que presente o alumnado de cara a materia atendendo aos seguintes principios.

Valoración positiva:

Valorarase positivamente en algúns casos (en función da importancia) as aportacións de ideas para a resolución de problemas, colaboración con outros compañeiros e outras compañeiras, esforzo e perseveranza na resolución dalgún problema ou actividade proposta na clase...

Valoración negativa:

Pola contra, valoraranse negativamente actitudes contrarias ás normas de funcionamento do Centro, faltas de respecto aos compañeiros e compañeiras, profesores e mobiliario do Centro. Non realización de pequenas actividades ou exercicios propostos e de carácter obrigatorio. Faltas de puntualidade. Interrupcións do funcionamento diario da clase (falar, xogar,...). Emprego do móbil sen a autorización previa por parte do profesor. Outros comportamentos que repercutan negativamente no funcionamento da aula...

▪ **Cálculo da cualificación final de trimestre:**

Será a suma resultante dos 2 seguintes apartados:

- 80% da nota final de trimestre das probas.
- 20% da nota do traballo diario e actitudes.

▪ **Recuperación dun trimestre:**

Se un alumno ou alumna ten o primeiro ou o segundo trimestre suspenso, poderá recuperar este ou estes, mediante a realización dunha proba que se desenvolverá no segundo e terceiro trimestre respectivamente.

CUALIFICACIÓN FINAL DE CURSO

A cualificación final do curso será a media redondeada das cualificacións acadadas en cada avaliación.

No caso de que a cualificación anterior sexa inferior a 5, o alumnado deberá realizar o exame de recuperación final da materia.

CONDICIÓNS PARA APROBAR A MATERIA

Considerarase que un alumno ou alumna ten a materia aprobada cando a cualificación final de curso sexa igual ou maior a 5 puntos.

4. COMO SE RECUPERA (DE SELO CASO) A MATERIA PENDENTE DO CURSO ANTERIOR

PLAN DE RECUPERACIÓN DE ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES DE CURSOS ANTERIORES

O alumnado realizará actividades de reforzo e de apoio que lle permitan recuperar a materia pendente de Matemáticas de 3ºESO ao longo do desenvolvemento do curso académico 2023-2024.

Este alumnado terá as seguintes posibilidades para recuperar a materia:

- Mediante a realización de boletíns de exercicios dos distintos contidos pendentes de recuperar. Ditos boletíns iránselle dando con fecha de entrega fixada e por trimestres. Estes boletíns teñen un peso dun 60% sobre a nota final.
- O 40% da nota restante corresponde á realización dun exame dos contidos mínimos a recuperar en cada trimestre. Dito exame non terá que realizalo de ter aprobado a avaliación da materia de Matemáticas de 4º ESO que está a cursar no presente curso académico.

Considérase que o alumno ou alumna recupera a materia pendente se a cualificación final de todas as medidas citadas anteriormente sexa igual ou maior a 5 puntos.

5. LIBROS

Empregaranse apuntamentos, exercicios e traballos elaborados polo profesor, así como, materiais didácticos dixitais que poidan contribuír positivamente no desenvolvemento da materia.

6. RECOMENDACIÓNS SOBRE O SISTEMA DE ESTUDO E TRABALLO PERSOAL

Recomendacións principais:

- Atender ás explicacións de clase e recoller de forma ordenada tódolos apuntamentos presentados polo profesor.
- Esforzarse na realización de tódolos exercicios e actividades propostos en clase.
- Realizar tódolos exercicios presentados nas fichas.
- Traballar e repasar en casa os contidos matemáticos vistos en clase no mesmo día ou ao día seguinte.
- Preguntar ao profesor todas aquelas dúbidas que xurdan na resolución de problemas.

RESUMO DAS PROGRAMACIÓN DOS DISTINTOS DEPARTAMENTOS

CURSO:	1º BACHARELATO	DEPARTAMENTO:	MATEMÁTICAS
MATERIA:	MATEMÁTICAS CCSS I	PROFESOR:	Noelia Pérez Yáñez

1. QUE TEMAS IMOS TRABALLAR? (*Distribución orientativa dos contidos*)

1ª AVALIACIÓN	U1. Números Reais. U2. Aritmética Mercantil U3. Ecuacións. U4. Sistemas de ecuacións
2ª AVALIACIÓN	U5. Funcións U6. Límites de función. Continuidade U7. Derivadas U8. Aplicacións das derivadas
3ª AVALIACIÓN	U9. Probabilidade. U10. Estatística.

2. QUE E COMO IMOS TRABALLAR? (*Desenvolvemento dos contidos*)

- **EXPLICACIÓNS:** Os contidos desenvolveranse coa axuda de apuntamentos facilitados polo profesor e que estarán dispoñibles na aula virtual do curso. Déixase aberta a posibilidade de que nalgunha unidade certos contidos poidan ser propostos como traballo a entregar. Todas as explicacións serán reforzadas con exemplos, así como con tarefas que o alumnado realizará na clase e/ou na casa. En momentos puntuais colgaranse na aula virtual vídeos explicativos de determinados contidos para ser visionados polo alumnado na casa, dedicando ao día seguinte toda a sesión para realizar tarefas e resolver dúbidas relativas ao indicado no vídeo.
